

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23 de febreiro do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Pedro Cambón Fernández.
José Luis Sampedro Bouzas.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 23 de febreiro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 3 de febreiro de 2016.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenza de obra maior.
- 4º.- Prezos públicos:
 - 4.1.- Prezo público pola asistencia aos cursos: Competencias clave nivel 2.
 - 4.2.- Prezo público pola asistencia aos cursos: Manipulador de produtos fitosanitarios.
 - 4.3.- Prezo público: Rutas de sendeirismo 2016.
- 5º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 3 de febreiro de 2016.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO EDUARDO SANCHEZ PEREIRA, con domicilio en Sabaxáns 58, Bastavales, na que comunica que vai construír un galpón segundo memoria valorada redactada polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL2), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 27 de xaneiro de 2016 (expediente núm. 2318/15), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- A dimensión dos aleiros será similar ás das edificacións tradicionais do contorno, sen quedar á vista as pranchas de fibrocemento.

- As fachadas receberanse e pintaranse nunha cor da gama dos brancos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Carmen García Augusto, que di actuar en representación de JUAN REY CALVO, con domicilio en Lamiño 25, Brión, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Lamiño 25, Brión:

- Construción dun garaxe de 6,5 metros de ancho por 7,5 metros de largo, aberto polo seu fronte, a base de bloque de formigón, enfuscado e pintado e tella e uralita na cuberta.

- Construción dun muro de peche de 14 metros de largo, a base de bloque de formigón enfuscado e pintado, ata unha altura de 1,20 metros e arame por encima acadando unha altura máxima de 1,80 metros medidos sobre a rasante natural do terreo.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 27 de xaneiro de 2016 (expediente núm. 2369/15), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que a cor da pintura da construción e do peche sexa da gama dos brancos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONCEPCION OTERO PEREIRA, con domicilio en Bastavaliños 10, Bastavales, na que comunica que vai construír un muro de deslinde de 5 metros de largo e 1,50 metros de alto, polo vento sur da súa parcela, a executar en postes metálicos e arame, en Bastavaliños, Bastavales.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 27 de xaneiro de 2016 (expediente núm. 2261/15), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESUS SANCHEZ FERREIRA, con domicilio en O Outeiro 7, Bastavales, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en O Outeiro 7, Bastavales:

- Reparación da cuberta da vivenda de 12x6 metros, substituíndo a tella existente por outra nova, sen incrementar o volume actual da cuberta.

- Reparar o penal que da ao camiño do interior da aldea, eliminando a capa de cemento e encintado a pedra, nunha superficie de 42 m².

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROBERTO SOTO SANCHEZ, con domicilio en Luciano Caño nº1, 8ªA, A Coruña, na que comunica que vai realizar as seguintes obras no lugar de Salaño Pequeno 18, Ons:

- Reparación da cuberta da vivenda de 300 m², substituíndo a tella en mal estado por outra nova, sen incrementar o volume da cuberta.

- Encintar e reparar o muro de pedra existente, nunha lonxitude de 50 metros.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal e das resolucións do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 28 de outubro de 2015 e 3 de febreiro de 2016 (expediente núm. 1404/15), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- O muro deberá restituírse ao seu estado orixinal e os morteiros das xuntas non deben quedar á vista, debendo estar afundidas ou dispoñendo o morteiro no centro do muro, sen presenza do mesmo ao exterior.

- Os morteiros a empregar na cuberta deberán ser de cal ou bastardos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALEJANDRO MELLA SUAREZ, con domicilio en Babenzo 52, Bastavales, na que comunica que vai realizar as seguintes obras no lugar de Babenzo 52, Bastavales:

- Construción dun galpón de 30 m², a base de bloques de formigón, revestido e pintado en tons claros e tella na cuberta. A cuberta farase a unha auga, cunha altura de 2,40 metros no aleiro e de 3,60 metros no cumio. O galpón retranquearase a 5 metros do linde particular e a 20 metros da traseira da vivenda.

- Construción dun peche de 15 metros de lonxitude no fronte da parcela, con base de bloque e arame por encima ata unha altura de 1,20 metros e situado a 5,50 metros do eixo da estrada. Os bloques irán revestidos e pintados en cores claras.

- Construción dun peche de 50 metros polo vento leste da parcela, con base de formigón, postes metálicos e arame.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DE LA LUZ FERNANDEZ TUÑAS, con domicilio en Pousada 24, Viceso, na que comunica que vai construír un alpendre de 50 m² para gardar apeiros de labranza en Pousada 24, Viceso. O alpendre farase con bloque, revestido e pintado en cor branco e cobertura de tella cerámica.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 3 de febreiro de 2016 (expediente núm. 2162/15), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, e coa seguinte condición: que a carpintería exterior de aluminio sexa lacada nunha cor das tradicionais do contorno.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ESTRELLA GONZALEZ FERNANDEZ, con domicilio en Bemil 30, Bastavales, na que comunica que vai pintar as fachadas de vivenda de Bemil 30, Bastavales, de 170 m², en cor clara.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMON NEO ANTELO, con domicilio en Mato 4, Luaña, na que comunica que vai reparar a cuberta do alpendre de 75 m², substituíndo a tella existente por outra nova, sen incrementar o volume da cuberta.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por VICTOR MANUEL REY TUBIO e ANGELES CONDE VIDAL, con domicilio en Urb. Balado 27, 1ªA, Os Ánxeles, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Cirro 31, San Salvador, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Salgado e Liñares, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21/01/2016 e documentación complementaria visada o 05/02/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polos arquitectos Salgado e Liñares, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21/01/2016 e documentación complementaria visada o 05/02/2016.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 197.1 da LOUGA: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía da urbanización, entendendo por tal a conexión cos servizos urbanos existentes (rede de abastecemento) na fronte da parcela, e mesmo sobre as oportunas reposicións das infraestruturas afectadas, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe do arquitecto municipal, a aceptación de 22,36 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 171 da Lei 9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 22 de febreiro de 2016.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- PREZOS PÚBLICOS:

4.1. Prezo público pola asistencia aos cursos: Competencias clave nivel 2.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos cursos “Competencias clave nivel 2”, que se realizará entre o mes de marzo de 2016 e a data de realización das probas, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 16.02.2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos “Competencias clave nivel 2”, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....10,00 €/mes.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

4.2. Prezo público pola asistencia aos cursos: Manipulador de produtos fitosanitarios.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos cursos “Manipulador de produtos fitosanitarios”, que se realizará nos meses de marzo e maio de 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 16.02.2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos “Manipulador de produtos fitosanitarios”, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....60,00 €

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

4.3. Prezo público: Rutas de sendeirismo 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia á actividade de “Rutas de sendeirismo 2016”, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 16.02.2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia á actividade de “Rutas de sendeirismo 2016”, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público por usuario.....10,00 €

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.10 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González